

RECURSOS:

LIBERDADE

OU

SEGURIDADE?

VIII OLIMPÍADA FILOSÓFICA DE GALICIA

VIII OFG:

LIBERDADE OU SEGURIDADE?

RECURSOS PARA TRABALLAR

1.

NOVAS XORNAL

[HTTPS://ELPAIS.COM/ELPAIS/2020/04/04/OPINION/1586016078_767654.HTML](https://elpais.com/elpais/2020/04/04/opinion/1586016078_767654.html)

[HTTPS://WWW.ELESPANOL.COM/OPINION/TRIBUNAS/20200410/VUELTA-NORMALIDAD-LIBERTAD-SEGURIDAD/481321870_12.HTML](https://www.elspanol.com/opinion/tribunas/20200410/vuelta-normalidad-libertad-seguridad/481321870_12.html)

[HTTPS://WWW.INFOLIBRE.ES/NOTICIAS/OPINION/COLUMNAS/2020/04/15/ENTRE LIBERTAD SEGURIDAD HOY ELIJO MASCRAILLA 105872_1023.HTML](https://www.infolibre.es/noticias/opinion/columnas/2020/04/15/entre-libertad-seguridad-hoy-elijo-mascrailla-105872_1023.html)

[HTTPS://FRA.EUROPA.EU/ES/EU-CHARTER/ARTICLE/6-DERECHO-LA-LIBERTAD-Y-LA-SEGURIDAD](https://fra.europa.eu/es/eu-charter/article/6-derecho-la-libertad-y-la-seguridad)

[HTTPS://WWW.CRONISTA.COM/GLASE/TRENDY/CONTAGIO-LA-PELICULA-QUE-PREDIJO-EL-CORONAVIRUS-DE-QUE-SE-TRATA-Y-COMO-VERLA-20200316-0003.HTML](https://www.cronista.com/clase/trendy/contagio-la-pelicula-que-predijo-el-coronavirus-de-que-se-trata-y-como-verla-20200316-0003.html)

[HTTPS://WWW.ELPERIODICOEXTREMADURA.COM/NOTICIAS/OPINION/RAZON-DECAPITACION_1254166.HTML?FBCLID=IWAR2HG6ZSXT2PHI_3G56KRUJJGMAGSHCPRYXRXM4HMIGGNA7G_KUL1J4FCEG](https://www.elperiodicoextremadura.com/noticias/opinion/razon-decapitacion-1254166.html?fbclid=IwAR2HG6ZSXT2PHI_3G56KRUJJGMAGSHCPRYXRXM4HMIGGNA7G_KUL1J4FCEG)

[HTTPS://ELPAIS.COM/ELPAIS/2018/06/20/MAMAS_PAPAS/1529486353_430587.HTML](https://elpais.com/elpais/2018/06/20/mamas_papas/1529486353_430587.html)

[HTTPS://ELPAIS.COM/IDEAS/2020-10-24/POR-QUE-A-ASIA-LE-VA-MEJOR-QUE-A-EUROPA-EN-LA-PANDEMIA-EL-SECRETO-ESTA-EN-EL-CIVISMO.HTML?PRM](https://elpais.com/ideas/2020-10-24/por-que-a-asia-le-va-mejor-que-a-europa-en-la-pandemia-el-secreto-esta-en-el-civismo.html?PRM)

2.

PELÍCULAS



Contaxio. (en inglés: Contagion) é un filme estadounidense dirixido por Steven Soderbergh que foi estreado no 2011.



Estallido. En África, o exército dos Estados Unidos arrasa un campamento do Zaire no que un virus mortal semellante ao *ébola* estaba acabando coa poboación.



Doce monos. Describe a historia dun prisionero que, nun mundo postapocalíptico, ofrécese como voluntario para un experimento científico que ten como finalidade viaxar ao pasado para saber que provocou a situación na que se vive no futuro.



Guerra Mundial Z. Cando o mundo comeza a ser invadido por unha lexión de mortos vivintes, un experto investigador das Nacións Unidas, intentará evitar o fin da civilización nunha carreira contra o tempo e o destino.



Midnight Family. Asistimos ao terror dun sistema sanitario perpetuamente colapsado como o México DF.



Comportarse como adultos. As memorias do ex ministro de economía grego, Varoufakis. Vémolo en plena Loita contra o establishment de Bruselas, dominado polos países do Norte con Alemaña ao fronte. O máis sorprendente e terrible é a escandalosa diferenza entre o que din os líderes nas reunións a porta pechada e o que despois declaran nas roldas de prensa.



Complicity. Documental dispoñible en Filmin e asistimos á Loita de varios pais que perderon aos seus fillos en factorías pola súa exposición a explosións químicas. Unha boa secuela do prezo da tecnoloxía, corrupción e enfermidade na China.




Farenheit 451. Filme de ciencia ficción dirixida por F. Truffaut. Sitúanos nunha sociedade posterior ao ano 2010, onde a tarefa dos bombeiros xa non é a de apagar lumes (as cousas dese momento non son inflamables), senon a de queimar libros, xa que segundo o seu gobernom ler impide ser felices.



Código 46. Dirixida por Michael Winterbottom. Presenta unha visión futurista de Shangai que presenta unha sociedade na que os recordos poden ser borrados e os perigos poden predicirse.



Minority Report. Dirixida por Steven Spielberg. No ano 2054, a policía emprega a tecnoloxía psíquica para arrestar e enxuizar ós asasinos antes de que cometan un crime. O futuro pódese predicir e os culpables son detidos pola unidade de elite Precrime antes de que poidan delinquir.



La Zona. Película de coprodución mexicano-española do director Rodrigo Plá. A película describe un intento fracasado nunha comunidade encartillada e as consecuencias para os ladróns e os residentes. Recibiu o premio do festival de cine de Venecia á mellor longametraxe de debut en 2007.

3.

DILEMAS ÉTICOS

DEIXÁMOSVOS AQUÍ UN VIDEO E UNHAS NOVAS DA QUE PODEDES EXTRAER DILEMAS ÉTICOS QUE XURDIRON E XORDEN DURANTE ESTA NOVA SITUACIÓN QUE ESTAMOS VIVINDO.

[HTTPS://WWW.RTVE.ES/ALACARTA/VIDEOS/EL-METODO/CORONAVIRUS-DILEMAS-PLANTEA-PANDEMIA/5577649/](https://www.rtve.es/alacarta/videos/el-metodo/coronavirus-dilemas-plantea-pandemia/5577649/)

[HTTPS://WWW.CLINICA-GALATEA.COM/BLOG/DILEMAS-ETICOS-CORONAVIRUS/](https://www.clinica-galatea.com/blog/dilemas-eticos-coronavirus/)

[HTTPS://WWW.BBC.COM/MUNDO/NOTICIAS-54001462](https://www.bbc.com/mundo/noticias-54001462)

[HTTPS://WWW.ELPERIODICO.COM/ES/SANIDAD/20200402/DEBATE-ETICO-EDAD-MEDICOS-GUERRA-CORONAVIRUS-7915420](https://www.elperiodico.com/es/sanidad/20200402/debate-etico-edad-medicos-guerra-coronavirus-7915420)

[HTTPS://WWW.LATIMES.COM/ESPANOL/EEUU/ARTICULO/2020-04-05/DILEMAS-ETICOS-EN-LA-ERA-DEL-CORONAVIRUS-QUE-VIDAS-SE-DEBEN-SALVAR](https://www.latimes.com/espanol/eeuu/articulo/2020-04-05/dilemas-eticos-en-la-era-del-coronavirus-que-vidas-se-deben-salvar)

4.

TEXTOS

- **SEGURIDAD Y LIBERTAD: ¿EQUILIBRIO IMPOSIBLE? UN ANÁLISIS ANTE LA REALIDADE DE INTERNET**
- **LIBERTAD Y SEGURIDAD EN UN NUEVO CONTRATO SOCIAL**
- **SOBRE EL BINOMIO LIBERTAD Y SEGURIDAD EN EL DERECHO**
- **SOPA DE WUHAN**
- **PENSANDO LA NUEVA NORMALIDAD**
- **THOMAS HOBBS: LA NOCIÓN DE PODER POLÍTICO**
- **SÍNDROME DE LA MADRE HELICÓPTERO Y CONSECUENCIAS DE LA SOBREPOTECCIÓN DE LOS NIÑOS**
- **CONTRASTES: BYUN-CHUL HAN Y SLAVOJ ZIZEK Y LOS ESCENARIOS DE LA POSTPANDEMIA**

5.

LIBROS

- **1984, Orwell**
- **Un mundo feliz, Aldous Huxley**
- **El cuento de la criada, Margaret Atwood**

6.

PENSAMENTOS E FRAGMENTOS

○ O locus clásico de onde parte esta disxuntiva no eido da filosofía política cómpre situalo no debate entre a concepción hobbesiana e a lockiana, no interior das teorías contractualistas que darán lugar ao modelo liberal democrático. Ambos os dous autores coinciden en que sen seguridade non pode haber liberdade, mais o primeiro admite por así dicir unha imposible simetría entre o peso dos dous principios, concedendo prioridade ao primeiro, de onde a admisión de que o poder do Estado non pode ser limitado na súa liberdade como único medio para que a liberdade limitada dos cidadáns se faga posible. Pola contra, Locke si admite esa simetría e xaora a súa concepción da división e control dos poderes do Estado (que prefigura a célebre teoría dos tres poderes de Montesquieu) como garante de que eses poderes non se exercerán en contra dos dereitos básicos dos cidadáns.

○ **HOBBS (Ignacio Iturralde: Hobbes. La autoridad suprema del gran Leviatán. Batiscafo / El País 2015).**

“Segundo a ciencia política de Hobbes, o Estado é un Leviatán, un ogro filantrópico, como lle gustaba chamalo a Octavio Paz, que é protector e pacificador ao tempo que temible e represivo. Mais, a diferenza do que opinan os anarquistas, a alternativa a este autómatas coercitivo non nos fai máis libres. Na concepción hobbesiana da vida política, a disxuntiva dáse entre un temor regulamentado, ordenado e compartido (vehiculado no medo ao castigo) e un temor xeral constante e caótico: a guerra de todos contra todos. Polo tanto, o realismo pesimista de Hobbes procura convencernos de que as incomodidades da submisión son inevitables, tanto nun goberno democrático coma en calquera outro. Estas son un saudable mal menor.” Páxs. 17-18.

“... a constatación innegable de que todos e cada un de nós nos resistimos a unha morte prematura, algo que Hobbes define como odereito natural de preservar a integridade física, é dicir, de protexerse a un mesmo. Só se este último está regulamentado por un poder soberano que obriga a respectar unhas normas de paz, que denomina leis naturais, é posible a vida en sociedade. Porén, se esta liberdade individual é ilimitada, a convivencia convértese nunha anarquía na que o caos e a guerra está á orde do día. Esta distopía hobbesiana ten a súa orixe na igualdade de todos os humanos, xa que na súa opinión todos compartimos a mesma capacidade física e mental.” Páxs. 64-64.

Pode ser útil para o traballo na aula, a analoxía que o autor do texto establece entre a teoría de Hobbes e a contemporánea teoría de xogos. Cfr. Páxs. 86 – 87.

Tamén o recadro dedicado á “política do medo” na páx. 112.

Pode ser útil contrapoñer a visión de Hobbes coa anarquista desta cita:

Frase atribuída a Bakunin: “Onde comeza o Estado remata a liberdade do individuo e viceversa”.

 **LOCKE. (Sergi Aguilar: Locke. La mente es una “tabula rasa”. Batiscafo / El País 2015).**

O recadro dedicado á teoría do contrato social permite analizar a distinción entre a posición de Hobbes e a de Locke e Rousseau, especialmente no relativo ao papel que debe xogar a liberdade antes (estado de natureza) e despois do contrato. Páxs. 87 – 88.

“... O Estado, co seu poder coercitivo, o seu corpo de leis positivas e os seus xuíces impaciais, vai permitir sufocar esas situacións [de continuo conflito] e evitar o estado de guerra. É neste punto no que o razoamento de Locke nos leva ao pacto social: os individuos, mediante un consenso libre, acordan a creación dun xuíz imparcial e limitado que garanta os seus dereitos naturais, e que debe estar tamén el suxiecto á lei natural. Trátase logo de de renunciar en parte á liberdade e someternos a unhas leis acordadas para podermonos servir das liberdades que nos corresponden sen trabas nin medos. Consensuamos como sociedade transferir o exercicio da execución das leis naturais a un Estado para sermos verdadeiramente libres, para podermos exercer realmente a nosas liberdades naturais, que non estarían garantidas sen esa orde.

... A lei é o que permitirá ás sociedades mantérense libres, de maneira que o principal é impartir xustiza dun modo que non penalice ao infractor máis do

necesario, nin compense á vítima menos do que merece. A ausencia de arbitrariedade e a proporcionalidade son dúas das bases do sistema lexislativo que traiza Locke. “ (páx. 93).

MAQUIAVELO

“... digo que se debe examinar en primeiro lugar o que o pobo desexa e sempre atopará que desexa dúas cousas: por un lado, vingarse de aqueles que son responsables da súa escravitude e, por outro, recuperar a súa liberdade. Ao primeiro desexo, o príncipe pode dar satisfacción enteira, ao segundo en parte. (... ...) ... polo que se refire ao ... desexo... de recuperar a liberdade, como o príncipe non pode satisfacelo, debe examinar cales son os motivos polos que desexa ser libre e verá que unha pequena parte desexa ser libre para mandar, mais que todos os demais, que son moitísimos, desexan a liberdade para viviren seguros. En efecto, en todos os Estados, sexa cal sexa o seu ordenamento político, non chegan nunca aos postos de goberno alén de corenta ou cincuenta cidadáns e como é un número reducido resulta moi doado asegurarse deles, xa sexa eliminándoos ou facéndoos partícipes de tantas honras, en razón da condición de cada un deles, que non teñan outro remedio en boa medida que estaren contentos. Aqueles outros que teñen abondo con viviren seguros fican satisfeitos doadamente se se establecen ordes e leis nas que ao mesmo tempo que o poder do príncipe quede garantida a seguridade xeral. E se un príncipe fai isto, e o pobo ve que ningún acontecemento é capaz de facer que el rompa as tales leis, ao cabo de pouco tempo comezará a vivir seguro e contento.” *Discursos sobre a Primeira Década de Tito Livio*. Edición de Miguel Ángel Granada. Libro I, XVI. (Tomado de *Maquiavelo*. Textos Cardinales / Edición Península, 1987. Traducido da versión castelá).

SPINOZA

Tratado Teolóxico Político. 20. “Faise ver que nun Estado libre é lícito a cadaquén non só pensar o que queira, senón dicir aquilo que pensa”.

Neste capítulo do TTP, Spinoza defende a república baseada no goberno democrático (20.38) como a forma política máis xusta, salientando especialmente o dereito á liberdade de pensamento e expresión e rexeitando que se poida atribuír ao soberano un poder absoluto (20.7). Admite si que tanto as palabras como os feitos poden causar prexuízo ao goberno e que xaora é preciso determinar os límites en que se debe

exercer a liberdade de expresión (2.10) mais salienta que: “A fin do estado é verdadeiramente a liberdade” (20.12), polo cal “para obter, non unha obediencia forzada senón unha fe sincera, debe o poder soberano conservar a autoridade de bo modo e, para non se ver obrigado a ceder diante dos sediciosos, conceder necesariamente a liberdade de pensamento; así gobernaranse os homes de tal xeito que, mesmo pensando cousas diversas e de todo contrarias, vivan con todo en harmonía.” (20.37).

(Versión consultada: *Tratado Teológico Político*. Introducción de Ángel Enciso Bergé; tradución de Emilio Reus y Bahamonde. Ediciones Sígueme, Salamanca).

FOUCAULT

As ideas de Foucault son esenciais para o tema xusto porque se afasta de contemplar a dicotomía seguridade / liberdade como dous polos excluíntes. Esta conceptualización dicotómica respondería ao modelo de poder propio do que el denomina “poder soberano”, substituído a partir do século XIX polo “poder disciplinario”. Con este, que acadará a súa forma máis acabada co “biopoder” do Estado democrático liberal, o exercicio do poder deixa de ser entendido como unha forza represiva dirixida a castigar os corpos, para pasar a actuar como un conxunto de procedementos e dispositivos (entre os que as “disciplinas”, no senso específico que Foucault lle dá, son centrais) que xeneralizan sistemas de racionalidade dirixidos a normalizar unhas condutas que atopan en determinadas institucións (escola, hospitais, cuarteis, prisións) as súas redes de difusión. É difícil, paréceme, atopar un texto específico de Foucault no que apareza dun xeito ben manifesto esta conexión entre a súa renovada concepción do poder e a superación da dicotomía seguridade / liberdade, tal como eu defendo aquí. Por esa razón, suxiro traballar cunha serie de textos, tanto das súas obras, como doutros autores que se apoian nel.

- ✓ **Michel Foucault: Vigilar y castigar. Siglo XXI editores, 1976. Cap. II, “Los medios del buen encauzamiento” da sección 3, “Disciplina”, centrándose en especial nos apartados relativos á escola pola obvia razón de que poden xerar un debate máis rico, na medida en que o propio alumnado pode verse reflectido no que alí se describe: páxs. 177 a 190.**

✓ **Michel Foucault: Microfísica del poder. Edición e tradución de Julia Varela e Fernando Álvarez-Uría. Las Ediciones de la Piqueta, 1978.**

Suxiro o texto 9: “Curso del 14 de enero de 1976”, do que selecciono o fragmento que vai desde

“... este poder no soberano, extraño a la forma de la soberanía es el poder disciplinario. ...” ata “mediante los mecanismos de la coacción disciplinaria.” (páxs. 149 – 150).

✓ **Michel Foucault: La ética del pensamiento. Para una crítica de lo que somos. Edición e tradución ao castelán de Jorge Álvarez Yáguez. Biblioteca Nueva, 2015.**

O texto de Foucault que aparece co número 16, “El sujeto y el poder” ofrece unha exposición concentrada do desenvolvemento da súa teoría do poder.

✓ **Michel Foucault: Historia política de la verdad. Una genealogía de la moral. Breviarios de los Cursos del Collège de France. Edición e tradución ao castelán de Jorge Álvarez Yáguez. Biblioteca Nueva, 2016.**

Epígrafes 6 e 11 a 13. Tamén na páx. 97: “para Foucault era función de la filosofía cuestionar calquera tipo de poder...”

⊙ **ISIAH BERLIN: Cuatro ensayos sobre la libertad. Alianza Editorial, 1988. Tradución ao castelán de Julio Bayón. (4ª ed., 1998).**

“... dos sistemas que dan respuestas diferentes y antagónicas a lo que ha sido desde hace mucho tiempo el problema central de la política: el problema de la obediencia y de la coacción. ‘¿Por qué debo yo (o cualquiera) obedecer a otra persona?’ ‘¿Por qué no vivir como quiera?’ ‘¿Tengo que obedecer?’ ‘Si no obedezco, ¿puedo ser coaccionado? ¿por quién, hasta qué punto, en nombre de qué y con motivo de qué?’” Páx. 219.

A tese de I. Berlin e que esas 2 respostas adoptan a forma de dúas diferentes concepcións da liberdade, que chama “liberdade negativa”, defendida por el e que atribúe á corrente política liberal, e “liberdade negativa”, que atribúe ás correntes socialistas.

“... sentido ‘negativo’, es el que está implicado en la respuesta que contesta a la pregunta ‘cuál es el ámbito en que al sujeto -una persona o

un grupo de personas- se le deja hacer o ser lo que es capaz de hacer o ser, sin que en ello interfieran otras personas'. En segundo sentido, que llamaré 'positivo', es el que está implicado en la respuesta que contesta a la pregunta de 'qué o quién es la causa de control o interferencia que puede determinar que alguien haga o sea una cosa u otra?. Estas dos cuestiones son claramente diferentes, incluso aunque las soluciones que se den a ellas puedan parecerse mutuamente." Páx. 220.

Algo máis adiante, I. Berlin admite que o ámbito da liberdade precisa ser limitado pola lei pero que, desde o punto de vista dos liberais (ou "libertarios" como tamén os chama nalgún intre), esa limitación está en todo caso obrigada a preservar un ámbito mínimo de liberdade persoal que non debe ser violado baixo ningún concepto" (páx. 222), trazando unha fronteira entre o ámbito da vida privada, que a administración pública debería respectar, e o público sobre o que se exercería a autoridade goberamental. Recoñecendo que non hai en última instancia ningunha actividade humana que poida ser considerada radicalmente privada debido á dependencia mutua entre os seres humanos, esa fronteira non é rixida e é aí onde xorden os problemas para o exercicio político. Para a cuestión da dialéctica entre seguridade e liberdade, poden ser especialmente relevante os problemas que propón entre as páxinas 223 e 225, que suxiro poderían ser seleccionadas para o debate na aula.



PHILIPHE VAN PARIJS: Libertad real para todos. Paidós, 1996.

Cap. 1.8 "El liberalismo auténtico". Neste capítulo, o autor ofrece a súa solución ao dilema entre liberdade positiva e liberdade negativa, formulado sobre todo por Isiah Berlin. A súa solución, que adoita ser encadrada dentro do republicanismo, consiste en defender que unha sociedade só pode ser considerada libre se respecta tres condicións: seguridade, propiedade (mais entendida no sentido de que permite que cada persoa sexa "propiedade de si") e oportunidade (que "cada persoa teña a maior oportunidade posible para facer calquera cousa que puidese querer facer"). Aos efectos que nos interesa, o máis relevante coído eu está nas páxinas iniciais do capítulo onde se analizan os conflitos que se poden dar entre estas tres condicións.

PHILIP PETTIT: Republicanismo. Una teoría sobre la libertad y el gobierno. Paidós, 1999.

Pettit reformula os conceptos de liberdade “positiva” fronte á “negativa” de I. Berlin como “liberdade como non dominación” (que será a que el defenda e identifica co republicanismo) fronte á “liberdade como non interferencia” (a propia do liberalismo).

En III. “Las objeciones de Paley” deféndese o modelo republicano (liberdade como non dominación) fronte á obxección liberal de William Paley que implica xustamente a cuestión da conexión entre liberdade e seguridade vista desde un particular punto de vista: que tipo de seguridade persegue o republicanismo cando procura “determinado tipo de seguridade fronte a determinado tipo de interferencia”. Non sería a seguridade diante de calquera tipo de interferencia senón tan só daquela que opera dun xeito arbitrario e a que se basease no exercicio dun poder excesivo (páxs. 103 a 105)

ABRAHAM RUBÍN: Corpo-circuitos. Máquinas de subxectivación. Euseino? 2015.

Cap. 2, “Producción de subxectividade como biopolítica”. Especialmente páxs. 79 a 82.

RICHARD DWORKIN: La democracia posible. Principios para un nuevo debate político. Paidós, 2007.

O capítulo 2, titulado “Terrorismo Y Derechos Humanos” ofrece un excelente punto de partida para o debate entre seguridade e liberdade. O autor parte da aprobación da Usa Patriot Act polo congreso dos Estados Unidos, a instancias do goberno de George Bush jr despois dos atentados do 11 S e a xustificación que para esa lei, e as medidas de moi dubidosa constitucionalidade que se efectuaron en base a ela (tortura de presos, prisión de Guantánamo...).

“Dicen que nuestra seguridad está amenazada de un modo más grave que nunca hasta el momento y que debemos, según sus propios términos, buscar un nuevo equilibrio entre seguridad y libertad” (páx. 43).

“Sostienen que el régimen de derechos legales y constitucionales que la ley estadounidense ha desarrollado durante siglos quedó obsoleto tras el ataque del

11 de septiembre; que necesitamos, en el lenguaje que utilicé, un nuevo equilibrio legal entre la seguridad y los derechos de los acusados. Por consiguiente, el verdadero debate no es legal sino moral.” (páx. 44)


 **REBECA BACEIREDO: Capitalismo e fascismo. Psico-ontoloxía da escravitude. Euseino? 2015.**

“O correlato rendibilidade-gozo propio das sociedades postindustriais difire do correlato angustia-gozo específico dos suxeitos produtivos das zonas industriais (...). Combinanse estes dous dispositivos de enerxía psíquica segundo se precisen obreiros escravos ou obreiros, tamén escravos, pero cualificados, para modelos empresariais ‘modernos’. Nos dous casos, a mercantilización das relacións humanas preséntase envolta na noción de liberdade subxectiva, como se realmente se permite unha emancipación do individuo con respecto a un *socius* opresor. Porén, a baza do capitalismo é que se rexistra nun *socius* desterritorializado, isto é, aparentemente inexistente, espazo baleiro onde o individuo cre que se pode propor como rei do seu feudo persoal.

O suxeito crese propietario de si e do seu mundo solipsista, que confunde co mundo obxectivo ou compartido, á vez que nunca deixa de ser elemento da engrenaxe económica. Isto é posible a partir dos procesos de normalización, que buscan aumentar a eficacia produtiva dende a esfera íntima, por iso hai un interese evidente en facer aparecer a esfera privada na pública e a pública na privada (...). (... ..) Así se fabrican os individuos, así se amestran os corpos e se xestionan os espíritos, a través da organización dos afectos, a través do goberno dos praceres e das penas (...). Dóciles e eficaces son os suxeitos neoliberais.” (páxs. 148 – 149)

7.

VIDEOXOGOS



⦿ **SIM CITY:** os xogadores actúan como gobernantes municipais dunha cidade. preséntase un dilema entre investir en escolas ou en policía; se o xogador se decide polo primeiro, incrementase a delincuencia e como consecuencia o xogador perde puntos en relación coas preferencias do vecindario, de xeito que arrisca perder o goberno. Naturalmente, as propias opcións que o xogo ofrece poden, e deben, ser tamén obxecto do debate.



⦿ **DEMOCRACY:** deben competir como candidatos nunha elección para o goberno dun estado democrático